

Conto atlántico de medianoite

Ventura A. Pérez



Do 21 de maio
ao 16 de agosto de 2026

.....

Casa Galega da Cultura

CONCELLO
DE VIGO





Urbano Luguís
Galaxia, perteneciente al *Retablo del descubrimiento*
1952



Solpor con pano de fondo de Urbano Luguís
(*Retablo del descubrimiento*)
2024

Conto atlántico de medianoite

Ventura A. Pérez

.....

Esta exposición recolle unha investigación doutoral que desenvolve na Universidade de Vigo sobre a arquitectura estadounidense e os seus esquecementos. Grazas a unha bolsa Fulbright en Nova York, puiden aplicar a miña investigación ao campo práctico. O resultado foi unha serie de 40 pinturas, 10 litografías e 2 instalacións que vinculo, paradoxalmente ou nun arrebatado de morriña, á obra de Urbano Luguís.

É necesario explicar que Urbano Luguís traballou como escenógrafo nas Misiões Pedagóxicas xunto con Maruja Mallo, Federico García Lorca ou José Val del Omar. Considero que a súa experiencia no teatro se reflicte nas súas paisaxes, ou ao revés, non o sei. Dáme a impresión de que se puidésemos penetrarnos na súa pintura e ver as súas

mariñas oblicuamente, todo se desmontaría nun solapamento de planos con contornos limpos, tabiques de cor e tremoias xeométricas suxeitas por detrás con escuadras e poleas. Tento traballar desde esta imaxe, nunha posición oblicua á da paisaxe de Luguís que me permita entrever ese tinglado hipotético.

Igualmente e a nivel temático, Luguís mantén vivas as antigas lendas que representaban ao Atlántico como último límite do mundo. No suposto enigma do final, podemos ser uns estragafestas e quitar a bruma de lenda a contestar prosaicamente que máis aló está Nova York. Responder isto fai que un punto e final marcado por mitos galegos se converta nun punto e seguido. Pero non podemos dar por feito que tras o fantástico das lendas pinta-

das por Ligrís nos deamos de bruzos coa verdade pragmática de Manhattan, senón con todo o contrario: topámonos con outra gran produtora de relatos e lendas. Da superstición ligrisiana pasamos ao delirio neoorquino.

Inevitablemente, a pintura presentada nesta exposición achégame á arquitectura estadounidense, coma se pintar desde alí (Nova York) me permitise chegar ata aquí (Vigo) e viceversa. En concreto, o termo de “tinglado decorado” de Scott Brown e Venturi representa unha bisagra entre o que Ligrís emula e a construción estadounidense. En termos xerais, a arquitectura pasa a ser un tinglado decorado cando se mestura con outras artes visuais como, por exemplo, a pintura ou a escultura, pero tamén cando se combina co entretemento, a teatralidade (Juliane Rebentisch, Donald Judd), a espectacularidade mal levada das recreacións en cartón pedra (Dalí en *El Sueño de Venus* de 1939 ou o *Photo stand-in* patentado por Coolidge nos parques de atraccións de Coney Island) pero, sobre todo, coa representación de figuras recoñecibles na propia forma do edificio (a Estatua da Liberdade ou o pato de Long Island son un exemplo diso). Xa en *Aprendiendo de Las Vegas* (1972) se sinala que a historia da arquitectura moderna case sempre mantivo baixo control ao resto das artes visuais e á súa capacidade de representar a realidade, onde prevalecía a idea do “xuntas, pero non mesturadas”.

▄▄ Os arquitectos modernos abandonaron unha tradición iconolóxica na que a pintura, a escultura e o grafismo se combinaban coa arquitectura. Os delicados xeroglíficos dun audaz pío, as inscricións arquetípicas dun arquitrabe romano, as procesións en mosaico de San Apolinar, as ubicuas tatuaxes que cobren as capelas do Giotto, as xerarquías distribuídas ao redor dos pórticos góticos, e mesmo os frescos ilusionistas das vilas venecianas, conteñen mensaxes que transcenden a súa contribución ornamental ao espazo arquitectónico. A integración das artes na arquitectura moderna considerouse sempre boa, pero ninguén pintou sobre Mies. Os paneis pintados flotaban independentes da estrutura mediante xuntas ocultas; a escultura estaba dentro ou preto do edificio pero de cando en cando sobre el. ▄▄

Con isto quero dicir que, aínda que recorro ao pintor coruñés nesa pintura de tinglado, tamén sinalo un simbolismo esquecido da arquitectura a través da propia historia do “tinglado decorado”. Nesta ligazón entre as dúas beiras do Atlántico, en como se pinta aquí e como se constrúe alí, deixo que a pintura se achegue á arquitectura coma se fose un can desconfiado. Na súa fobia aos cans, a modelo ofréceme a oportunidade de transcribir un ladrillo de tese á lixeireza dunha historia de edificios con forma de muller ou pato, que, debido a estas semellanzas, tamén parecen chorar, rir, enfadarse, bicarse e separarse, case coma se se tratase dunha torpe película da Warner Bros.

Finalmente, sexa esta unha lenda galega sobre a fin do mundo ou máis ben unha tese disfrazada de comedia romántica neoorquina, abarcarei ambas as beiras atlánticas e direi que isto é un Conto atlántico de medianoite.

VENTURI R., SCOTT BROWN D. e IZENOUR S. (2011). *Aprendiendo de Las Vegas. El simbolismo olvidado de la forma arquitectónica*. Editorial Gustavo Gili: Barcelona.

Conto atlántico de medianoite

Ventura A. Pérez

Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo.

Do 21 de maio ao 16 de agosto.

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.



DESCARGA
FOLLETO GALEGO



DESCARGA
FOLLETO CASTELLANO

VG 333-2026

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

**CONCELLO
DE VIGO**

